

PLAN LOCAL DE INFANCIA E ADOLESCENCIA

Concello de Burela



ÍNDICE

I Agradecementos
II Presentación
III Introducción
IV Referentes
V Principios e obxectivos
VI Metodoloxía
VII Concello de Burela
• Historia
VIII Descrición demográfica
IX Protocolo para “ O Bo Trato á Infancia”
X Liñas de traballo
XI Recursos
XII Execución e seguimento do Plan
XIII Organigrama
XIV Periodicidade del Plan

I. AGRADECIMENTOS

O Concello de Burela quere expresar o seu agradecemento a todas as persoas e institucións que participaron directa ou indirectamente na elaboración deste Plan de Infancia e sen os que esta iniciativa non tería sido posible.

A persoal técnico e persoas con responsabilidades políticas en diferentes áreas e departamentos do Concello de Burela implicados nesta iniciativa, pola súa adicación, motivación e intenso traballo.

A Alejandro Ramos: Responsable/dinamizador do Grupo de Participación Adolescente.

A UNICEF GALICIA e a todas as persoas e entidades que participaron e participan na Mesa Técnica de Conexión coa infancia e adolescencia do Concello de Burela, polas súas valiosas aportacións e dispoñibilidade.

A todas as nenas, nenos e adolescentes que colaboraron co Concello de Burela desde o momento en que se presentou a idea; eles e elas son os verdadeiros protagonistas deste plan.

II. PRESENTACIÓN

O Concello de Burela, co fin de mostrar o seu interese en todo lo o que se relaciona coa infancia e a adolescencia, pretende con este primeiro plan sentar as bases dunha política e unhas actuacións concretas e efectivas nesta materia.

O dito Plan conforma un obxectivo estratéxico, dado que integra no mesmo a todas as Áreas municipais requirindo para a súa implementación a continuidade dun traballo transversal que aporta importantes medidas e ambiciosas metas para mellorar a calidade de vida dos nenos, nenas e adolescentes de Burela dotándoo de tódolos recursos necesarios para iso.

O Concello, como administración máis próxima, aprobará en Pleno o **I Plan Local de Infancia e Adolescencia** co que liderará o impulso de políticas públicas dirixidas a este colectivo, nos próximos catro anos en colaboración con outras administracións, asociacións e entidades sociais.

Con este plan trataremos de promocionar e dar a coñecer de forma sinxela e clara os programas e servizos postos en marcha para fomentar a participación activa da infancia e da adolescencia no noso concello.

Pretendemos garantir a participación da xente máis nova, fomentar a coordinación e colaboración entre o Concello e outras entidades con iniciativa social e apoiar ás familias na crianza e educación das súas fillas e fillos, especialmente ás máis vulnerables.

Queremos impulsar o cumprimento dos Dereitos da Infancia e da Adolescencia, mediante un Plan que reflexe o rigor, o esforzo e a ilusión de todas as persoas que traballaron para implicar á xente pequena do municipio no seu desenvolvemento e quen dunha maneira activa poidan plantexar políticas de participación e traballo en común. Queremos que a xente nova participe na vida política e tomen decisións en todo aquilo que lles poida afectar.

Este é un primeiro plan que se foi construindo nos últimos meses e cunha andadura que comenza agora; unha nova etapa na que se pretende dar o protagonismo ás persoas máis novas do Concello, para que plasmen con perspectiva a realidade de Burela e plantexen novos retos.

Este é por tanto, un espazo para a participación, para a opinión, para o debate de ideas, para a promoción de actividades e dinámicas que garantan o futuro que imos construír desde a ilusión e as ganas de crear e de facer. Dende este goberno sempre apostamos pola participación social e a partir de agora daremos voz ás nenas e nenos do municipio, xa que son o futuro, bos coñecedores da realidade que os rodea, e son quen deben sentar as bases para a protección, a prevención e a promoción dos dereitos da infancia e da adolescencia.

M^a del Carmen López Moreno

Alcaldesa de Burela

III. INTRODUCCIÓN

Os dereitos de todas as nenas, nenos e adolescentes do mundo aparecen recoñecidos na Convención dos Dereitos do Neno, do 20 de novembro de 1989, así como a obriga dos gobernos de aplicar as políticas necesarias para garantir tales dereitos.

Esta obriga non é allea gobernos locais, que como todas as administracións teñen o deber de facer efectivos, no ámbito municipal, todos aqueles dereitos recoñecidos tanto a nivel internacional como nacional.

Desde esa perspectiva, este Plan vai a tener en conta tres vertentes fundamentais:

1. Garantir a protección, a prevención e a promoción dos dereitos da infancia, afondando en como detectar e tratar posibles casos de nenos, nenas e adolescentes en situación socio-familiar vulnerable así como na prevención deste tipo de situacións a través da promoción dos dereitos da infancia ao considerar que son a base na que se sustenta a súa protección.
2. Facer efectiva a participación na elaboración deste Plan e no seu correspondente desenvolvemento, dos axentes sociais que teñen relación coa infancia, e da propia infancia e adolescencia de Burela xa que consideramos a nenos, nenas e adolescentes suxeitos activos en todos os ámbitos da sociedade.
3. Facer visible todo o que se está facendo en Burela a favor da infancia e adolescencia e todo o que se pretende facer, para que sea conocido por todos e todas e para que deste coñecemento xurda un interese social por mantelo e conservalo, reavivando a relación entre os distintos axentes sociais implicados.

A metodoloxía seguida para elaborar o Plan consistiu na creación dunha serie de estruturas de participación social que serán mantidas para a súa posterior constitución formal e desenvolvemento. Esas estruturas de participación deberán converterse na plataforma que recolla e reflexe as

expectativas das entidades públicas ou privadas que operan en Burela, da propia xente pequena que vive no noso municipio e, en definitiva, de toda a sociedade.

Se é importante a participación social en xeral, imos a darlle unha especial importancia á participación dos nenos, nenas e adolescentes do noso concello para contribuir na elaboración do Plan, xa que partimos da crenza de que ninguén mellor ca eles/as nos poden axudar a coñecer as súas necesidades e a mellorar a calidade de todo o que se fai neste concello para asegurar o seu benestar e o seu protagonismo á hora de exercer os seus dereitos e responsabilidades como cidadáns.

As actuacións que inclúe este Plan organizáronse en torno aos seguintes obxectivos:

- **Promover a coordinación e a participación** con accións que fomenten a coordinación e cooperación entre todas as áreas e departamentos municipais que teñen relación e contacto coa infancia e adolescencia de Burela.
- **Garantir a participación infantil e adolescente** mediante a creación de estruturas e a posta en marcha de instrumentos que faciliten o exercicio do seu dereito a ser escoitados e a participar nos asuntos municipais que lles afecten.
- **Apoiar ás familias** na crianza e educación dos seus fillos e fillas, en especial ás que se atopan situacións de vulnerabilidade social, mantendo e fomentando os programas que desde distintos servicios municipais se levan a cabo con este fin.
- **Promoción dos dereitos da infancia**, fomentando actuacións dirixidas á difusión e sensibilización social sobre os dereitos da infancia en xeral, e, en particular, a promover un exercicio autónomo e responsable deses dereitos por parte de nenos, nenas e adolescentes.

IV. REFERENTES

O Plan de Infancia do Concello de Burela pretende desenvolver aquilo que as normas, plans e estratexias internacionais, nacionais, autonómicas e locais veñen proponendo nos últimos anos sobre o que deberían ser actualmente as políticas máis avanzadas en favor da infancia.

Este sería o marco de referencia do Plan Local de Infancia e Adolescencia do Concello de Burela:

- **Referentes estratéxicos:**

En maio de 2002, os Xefes de Estado e de Gobierno e os representantes dos Estados participantes na sesión extraordinaria da Asamblea Xeral das Nacións Unidas en favor da Infancia, firmaron unha Declaración e un Plan de Acción Mundial contida no documento: “*Un mundo axeitado para os Nenos e Nenas*”, no que se recolle que os gobernos acordan aplicar este plan e consideran tomar medidas para implementar leis, políticas e plans de acción nacionais efectivos e asignar recursos para protexer os dereitos da infancia e velar polo seu benestar.

Por outro lado, temos como referencia o II Plan Estratéxico Nacional de Infancia e Adolescencia aprobado en 2013 así como a Estratexia Galega para a Infancia e Adolescencia de Galicia 2018-2020 de planificación das políticas de benestar dirixidas aos nenos, nenas e adolescentes da comunidade autónoma.

A nivel local, o Plan de Infancia do Concello de Burela tomou como referencia plans de infancia doutros municipios galegos e de outras comunidades que foron aprobados e aplicados en anos anteriores.

Unha inspiración a parte constitúena, iniciativas estatais tales como Programa Cidades Amigas da Infancia de UNICEF no que o Concello de Burela está tratando de integrarse.

E finalmente, hai que dicir que o Plan de Infancia de Burela toma como referencia imprescindible, a experiencia adquirida polas institucións públicas e entidades sociais que traballan no noso municipio a favor dos dereitos da infancia e o compromiso que demostran as persoas que traballan en cada unha delas.

- **Obxectivos de desenvolvemento sostible**

Os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) fan referencia aos dereitos da infancia e supoñen unha oportunidade para protexer a todos os nenos e nenas baixo a consigna de non deixar a ninguén atrás.

Garantir o benestar da infancia é unha condición esencial para cumprir a Axenda 2030. E facer realidade os ODS é unha aposta por un modelo social e político que pon no centro á infancia en especial á máis vulnerable.

Os principais retos que afrontamos en España con respecto aos obxectivos de desenvolvemento sostible vinculados á infancia son:

1. A urxente redución da pobreza infantil mediante o fortalecemento dos sistemas de protección social.
2. A protección da infancia fronte a violencia e a discriminación, asegurando que nenos, nenas e adolescentes medran en entornos seguros.
3. Atallar e reducir o fracaso escolar, o abandono temperán e a segregación escolar así como a mellora da capacidade do sistema educativo como promotor da igualdade entre persoas e o respecto á natureza.
4. Asegurar que nenos e nenas se desenvolven en entornos saudables potenciando así o seu benestar físico e emocional.

- **Referentes Normativos**

O ordenamento xurídico vai reflexando progresivamente unha concepción das persoas menores de idade como suxeitos activos, participativos e creativos, con capacidade de modificar o seu propio medio personal e social; de participar na búsqueda e satisfacción das súas necesidades e das dos demais.

A normativa e os plans de rango internacional, nacional, autonómico e local marcan nos últimos anos como deberían ser actualmente as políticas en favor da infancia. O I Plan Local de Infancia e

Adolescencia do Concello de Burela ten como fin desenvolver no noso municipio o espírito desta lexislación.

En 1990 as Cortes Españolas ratificaron a Convención das Nacións Unidas sobre os Dereitos do Neno, e a partir desta ratificación o escenario social e a representación dos nenos, nenas e adolescentes foise adecuando a ese novo papel de cidadáns e suxietos sociais e de dereitos, asumindo os nenos e as nenas un papel máis activo na sociedade.

1. Normativa internacional

- Convención dos Dereitos da Infancia de Naciones Unidas.
- A Carta Europea sobre os Dereitos do Neno.
- Resolución A-0172/92. Diario Oficial de las Comunidades Europeas, 8 de xullo de 1992.
- Convenio sobre Protección de menores e cooperación en materia de adopcións internacionais.
- Sesión especial das Nacións Unidas sobre Infancia, maio do 2002.

2. Normativa europea

- Carta europea dos Dereitos do Neno

3. Normativa nacional

- Constitución Española.
- Código Civil.
- Lei orgánica 1/1996, de 15 de xaneiro de protección xurídica do menor.
- Lei orgánica 5/2000, de 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal do menor.
- Lei orgánica 8/1985 de 4 de xullo, reguladora do dereito á educación.
- Lei orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero (artículos 1 y 2).
- Lei orgánica 4/2000, de 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos extranxeiros en España e súa integración social.
- Lei 1/2004, del 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero.
- Lei Orgánica 8/2021 de 4 de xuño de Protección á infancia e á adolescencia fronte a violencia.

4. Normativa autonómica

- Estatuto de autonomía de Galicia
- Ley 13/2008 galega de Servizos Sociais.
- Ley 3/1997, de 9 de xuño, galega de familia, infancia e adolescencia.
- Ley 2/2006, de 14 de xuño, de Dereito Civil de Galicia.
- Ley 5/1997, del 22 de xullo, da administración local de Galicia que lle asigna ás entidades locais responsabilidade na prestación de servizos sociais, así como na execución de programas destinados á infancia e á mocidade.
- Lei 13/2008 de 3 de decembro de Servizos Sociais de Galicia.
- Lei 30/2011, de 30 de xuño de apoio á familia e á convivencia de Galicia.

V. PRINCIPIOS E OBXECTIVOS

O punto de partida e de fin deste plan deben ser os principios da Convención sobre os Dereitos do Neno e con esa base debemos procurar implementar de forma transversal e multidisciplinar a atención á infancia e adolescencia mediante a coordinación efectiva dos distintos axentes implicados na garantía, promoción e defensa dos dereitos da infancia.

A Asemblea Xeral das Nacións Unidas aproba no ano 2002 o Plan de Acción “Un mundo apropiado para os nenos”, no que se insta a tódolos membros da sociedade a que se unan ás Nacións Unidas nun movemento mundial que contribúa á creación dun mundo axeitado para a infancia.

Nesa liña, o Plan Local de Infancia e Adolescencia de Burela vai dirixido a todos os nenos, nenas e adolescentes, é dicir, a todas as persoas de 0 a 18 anos de idade, tal e como reza o artigo 1 da Convención sobre os Dereitos do Neno, onde se afirma textualmente que se entende por “neno/a” todo ser humano menor de dezaioito anos de idade.

Principios Básicos:

- **O principio de interese superior de nenos e nenas**, mediante o que se asegura que o interese da infancia deberá prevalecer sobre calquera outro interese lexítimo. A aplicación deste principio debe asegurar tanto a protección e o cuidado que precisan os nenos e nenas para o seu desenvolvemento e benestar como a promoción da súa autonomía e da súa participación na cidadanía activa.
- **O principio de non discriminación**, de acordo co cal todos os dereitos deben ser aplicados a todos os nenos e nenas sen distinción algunha. A aplicación deste principio supón:
 1. **Promover a igualdade social**, establecendo mecanismos preventivos e compensadores de situacións de risco. Especial relevancia teñen os aspectos relacionados coa igualdade de oportunidades e a inclusión social, procurando accións positivas e evitando á vez actuacións que etiqueten e segreguen a determinadas persoas ou colectivos.

2. **Manter un enfoque de xénero**, fomentando unha educación e formación non sexista e persiguendo unha participación equitativa na toma de decisións de nenas e nenos.
- **O principio de participación** plantexa a formación de nenas e nenos na participación libre e responsable. Teñen dereito a asumir un papel activo e protagonista na súa comunidade, debendo ofrecerlles oportunidades de participación real na sociedade a través de estruturas propias e non imitativas das persoas adultas e que lles permitan asumir as súas responsabilidades e exercer sus dereitos.

Criterios de actuación:

Na elaboración de este Plan Integral, ademais, tivéronse en conta os seguintes criterios:

- Globalidade, intentando coordinar las diferentes áreas de actuación coa infancia e a adolescencia e contemplando o conxunto de necesidades deste sector de poboación.
- Análise-Planificación-Avaliación, examinando a situación e os recursos actuais, definindo obxectivos e medidas e contemplando a valoración da idoneidade das actuacións que o Plan propoña.
- Racionalidade, co dobre obxectivo de rentabilizar os recursos existentes mediante unha xestión coordinada dos mesmos e evitar as duplicidades e solapamentos dos programas e actuacións.
- Transversalidade, contrastando os puntos de vista e as experiencias dos diferentes axentes e servizos presentes no territorio, consensuando un punto de partida e unhas metas comúns.
- Integralidade, entendendo aos nenos e nenas como un todo, analizando a multiplicidade de aspectos que afectan á súa vida cotiá e atendendo de maneira global ao conxunto das súas necesidades físicas, afectivas e sociais.

Por último, o I Plan Integral de Infancia e Adolescencia do Concello de Burela incorpora no seu marco conceptual o documento **“Construindo Cidades Amigas da Infancia”, de UNICEF**. Neste texto

identifícanse os pilares básicos para construír un sistema local de goberno comprometido no cumprimento dos dereitos da infancia: estruturas e actividades que son necesarias para involucrar á xente pequena nun movemento activo, asegurar a perspectiva de dereitos da infancia en todos os procesos de toma de decisións e asegurar un acceso igualitario aos servizos básicos. O proceso de construción dunha Cidade Amiga da Infancia non só demanda compromisos políticos, se non tamén accións concretas a través de todo o goberno local.

Obxectivos

A protección e promoción da infancia é un obxectivo que debe estar presente na xestión dunha Administración e na vida de cada un de nós. Consecuentemente, os obxectivos deste I Plan serán transversais en calquera acción municipal de calquera ámbito:

Obxectivos xerais:

- **Promover o dereito a ser valorado/a, respectado/a e tratado/a xustamente** implementando medidas relacionadas coa loita contra calquera tipo de discriminación ou violencias dentro das comunidades.
- **Fomento da participación social e do dereito a ser escoitado/a:** as voces, necesidades e prioridades de cada nena e neno escoítaranse e consideraranse nas normativas e políticas públicas, nos orzamentos e en todas as decisións que lles afectan.
- **Favorecer e facilitar o acceso da infancia aos servizos esenciais:** todas as nenas e nenos terán acceso a servizos esenciais de calidade en todos os ámbitos (sociais, educativos, de saúde, etc.)
- **Crear e promover entornos seguros, saudables, limpos e axeitados para a infancia:** O Concello de Burela será un municipio acolledor para as familias e a infancia.
- **Fomentar o dereito a ser neno/a:** favorecendo a oportunidade para disfrutar da vida familiar, o xogo e o lecer.

Obxectivos específicos

1. Traballar cos axentes sociais para asegurar que a opinión dos nenos, nenas e adolescentes se debe considerar nas decisións que se adopten en diferentes sectores.

2. Involucrar na elaboración, desenvolvemento e avaliación de todo o relacionado con este Plan a todos os representantes do movemento asociativo e sectorial de Burela.
3. Desenvolver os proxectos desde o seu inicio coas nenas e nenos para asegurar a súa implicación activa nos asuntos que nos afectan a todos/as, escoitando os seus puntos de vista e tomándoos en consideración nos procesos de toma de decisións.
4. Manter as canles estables de coordinación entre os diferentes representantes sociais que se relacionan co Plan e co Consello Local de Infancia e Adolescencia (pendente de creación).
5. Poñer en valor todas as actividades e traballo realizado nos últimos anos en Burela en relación coa infancia e a súa participación.
6. Fomentar a vinculación positiva dos nenos e nenas de Burela co seu municipio e coa realidade do seu tempo.
7. Acostumar e fomentar entre as persoas adultas a actitude de ter en conta a opinión dos nenos e nenas de Burela na toma de decisións.

VI. METODOLOXÍA

Para a elaboración do Plan Integral de Infancia e Adolescencia seguimos unha metodoloxía en dúas fases: por un lado, a elaboración do diagnóstico e por outro lado, a confección do propio Plan Local.

Para a elaboración do diagnóstico realizáronse unha serie de actividades de detección e análise da situación da Infancia e Adolescencia en Burela, tanto desde o punto de vista dos propios menores como desde a perspectiva das persoas profesionais relacionadas con este sector de poboación.

Tamén se recolleron datos e información a partir da observación directa e rexistro dos propios menores, fundamentalmente das rapazas e rapaces que forman parte do Grupo de Participación Adolescente. A metodoloxía foi multidisciplinar e participativa. No anexo deste documento incorporamos a Análise DAFO que realizaron as persoas que forman parte do Grupo de Participación adolescente e o persoal técnico municipal das diferentes áreas e servizos.

Procurouse analizar e organizar toda a información establecendo prioridades e chegando a reflexar situacións que poden ser melloradas a partir desta detección e as conseguintes propostas de mellora.

Na descrición preséntase información e datos recopilados de diversas fontes e do órgano de coordinación interna, referentes a aspectos xeográficos, demográficos, económicos, de saúde, ambientais, de lecer, cultura e deporte, de servizos sociais e educación.

Para a elaboración deste Plan establecéronse estruturas formais de participación que se concretaron en:

- **Grupo de Participación Adolescente:** creado en setembro de 2021 e que se reúne maneira presencial unha vez ao mes e coordinados por un educador/dinamizador.
- **Mesa Técnica de Conexión coa Infancia e a Adolescencia:** creada en decembro de 2021 e que se reuniu durante un tempo de forma mensual coa finalidade de preparar o diagnóstico sobre a situación da infancia e comezar o deseño deste plan e a partir deste momento se reunirá de maneira trimestral. Nela traballamos persoal técnico do Concello de todas as áreas e departamentos municipais.
- Reunións da Mesa Técnica con representantes políticos e do Grupo de Participación: ao longo da creación deste plan, a Mesa Técnica ou as persoas técnicas de cada departamento fomos reuníndonos con representantes do GPA para coñecer as súas inquedanzas, opinións e actividades e traballar de maneira coordinada con eles/as.

A partir da aprobación deste plan, continuaremos con esta metodoloxía de traballo e crearase tamén o **Consello Local de Infancia e Adolescencia** que será un órgano no que participarán axentes externos á administración local, como son representantes das entidades educativas, de saúde e sociais do municipio así como do tecido asociativo e económico. O Consello Local de Infancia e Adolescencia reunirase de forma semestral.

VII. CONCELLO DE BURELA



ESCUDO



BANDEIRA

HISTORIA

Burela: Un pobo que só sabe traballar

Autoría: [Herminia Pernas Oroza](#).

Escrito quedou e falado tamén, que a palabra que mellor define aos nosos antergos burelaos é a de “traballadores” onde os haxa. É inútil buscar en Burela apelidos que agochen un pasado señorial nin tampouco unha certa cultura e/ou sociabilidade urbana e vilega. Os nosos avós nunca saíron ao paseo vespertino, nin foron ao teatro nin ao casino e menos aínda se lles ocorreu formar asociacións recreativo-culturais, orfeóns ou bandas de música como sucedeu noutros lugares veciños. Só entendían de mutuas gandeiras e de Pósitos mariñeiros, e para divertirse abundaban os gaiteros e as murgas.

O pobo medraba e o traballo tamén e enseguida o ofreceron a quen quixese establecerse nel para formar parte da súa historia. Aos poucos, foi chegando xente, tanta, que hoxe en día faise difícil atopar a alguén que sexa, como adoita dicirse, “de Burela Burela”. Envoltos neste incesante progreso burelao, locais e foráneos esqueceron ou non souberon entender a propia historia de Burela, á que sacrificaron en pro do progreso. Como dirían os máis pragmáticos, “nada é de balde”.

¿Onde quedou pois a nosa Historia?. O falar non ten cancelas e tense dito que Burela como pobo novo que é carece de historia. Valente parvada pero moi válida para a economía e o progreso. Non cumpría pensar na Historia porque iso non daba de comer e ademais, había que avanzar conforme aos tempos. O

progreso socio-económico de Burela é evidente pero foi duro e incompleto. “A Nosa Señora de ferro” parafraseando o coñecido poema de Curros Enríquez, non chegou a estes lares ata 1968, noventa e cinco anos máis tarde da chegada do ferrocarril a Galicia. Aí é nada.

Instalados nos “tempos modernos”, chegou o momento de mirar cara o pasado e as causas foron varias: algo que ofrecer aos turistas, sacar á luz os elementos que configuraron o pobo, as modas “revival” que veñen e van, e tamén –por que non- o propio desexo de coñecer a nosa propia historia nos seus diferentes ámbitos e períodos. Editáronse panfletos, libros e revistas. Burela tiña Historia e era necesario dala a coñecer.

Pero o peor foi pasar da teoría á práctica: ¿onde están ou din que están todos eses lugares e obras de interese dos que falan os libros?. Estiveron aí e algúns aínda están pero por unha mala xestión non souberon recuperarse e acabaron por fenecer sen que puidéramos sacar partido dos mesmos como fan noutros lugares, nacionais e estranxeiros. ¿Démoslle pois, as costas a nosa Historia? Inconscientemente si. Non foi cuestión de elixir entre o progreso e o pasado, senón falta de habilidade para compaxinar as dúas cousas. Eis algún exemplo:

O castro marítimo situado na parte extrema do cabo, que nos deixou a arracada e o torques, e ao que desde hai uns anos, ven rendéndoselle culto a través da “Festa Castrexa”. Do castro pasouse a unha “vila” romanizada (hai que destacar o achádego dunha terma de época romana na zona de Castrelo) convertida en época medieval nunha freguesía rural que ata o século XVII estivo baixo xurisdición eclesiástica, pasando logo a ser señorial. Destacaban neste período o Pazo de Vilar e a Casa-Torre de Burela de Cabo, da que só se conserva o escudo, mentres que a actividade económica máis importante desde a Idade Media e ata comezos do século XVIII foi a “caza de baleas”, da que hoxe en día non hai indicio ningún.

Pouco se sabe tamén da Burela campesiña e gandeira, aínda que a romaría do Monte Castelo pretende ser unha especie de homenaxe a estas actividades, entre as que destacou por un lado o viñado e polo outro a rotación de trigo, centeo, nabos e millo, chegando as patacas moi tarde (no século XIX). En canto á gandaría, nestas parroquias litorais dábase unha gandaría orientada ao traballo na que predominaban os bois. Tamén era importante a produción de liño chegando a ser moi abundantes os teares.

E se agora nos pasamos á Burela mariñeira, cómpre reivindicar o papel da pesca da lagosta, que adquiriu o seu protagonismo a finais do século XIX. Sen embargo, lagostas e balandros quedaron

esquecidos pola gran tríada dominante nas nosas pesquerías: sardiña, bonito e merluza. A Historia da Burela mariñeira é coñecida pero aínda se debe seguir avanzando na mesma.

E por último pero non por iso menos importante, está a área xeolóxica de Castrelo, un dos espazos máis interesantes da Península Ibérica por ser o lugar de confluencia da rasa cantábrica (cuarcitas) e do batolito de San Cibrao (granito), enxalzado en campañas turísticas e educativas para divulgar a nosa riqueza xeolóxica incluso mediante publicacións.

VIII. DEMOGRAFÍA

O municipio, que ten unha superficie de 7,78 km², conta según o padrón municipal con data 1 de xaneiro de 2023 do INE con 9428 habitantes e unha densidade de 1224,16 hab./km².

Pirámide de poboación por Idades

Data : **01/01/2023**

Idade	Homes		Mulleres		Totais	
	Nº	%	Nº	%	Nº	%
0-2	94	0,99	102	1,08	196	2,07
3-5	124	1,31	112	1,18	236	2,49
6-8	133	1,4	120	1,27	253	2,67
9-11	135	1,43	117	1,24	252	2,66
12-14	131	1,38	120	1,27	251	2,65
15-17	135	1,43	142	1,5	277	2,92
18-20	125	1,32	116	1,22	241	2,54
21-23	157	1,66	111	1,17	268	2,83
24-26	115	1,21	125	1,32	240	2,53
27-29	120	1,27	117	1,24	237	2,5
30-32	132	1,39	119	1,26	251	2,65
33-35	153	1,62	167	1,76	320	3,38
36-38	206	2,17	194	2,05	400	4,22
39-41	258	2,72	221	2,33	479	5,06
42-44	319	3,37	225	2,38	544	5,74
45-47	293	3,09	266	2,81	559	5,9
48-50	271	2,86	196	2,07	467	4,93
51-53	209	2,21	230	2,43	439	4,63
54-56	232	2,45	247	2,61	479	5,06

Pirámide de poboación por Idades

Idades	Homes		Mulleres		Totais	
	Nº	%	Nº	%	Nº	%
57-59	225	2,38	205	2,16	430	4,54
60-62	190	2,01	207	2,19	397	4,19
63-65	189	2	216	2,28	405	4,28
66-68	180	1,9	196	2,07	376	3,97
69-71	140	1,48	169	1,78	309	3,26
72-74	132	1,39	132	1,39	264	2,79
75-77	124	1,31	138	1,46	262	2,77
78-80	87	0,92	97	1,02	184	1,94
81-83	52	0,55	79	0,83	131	1,38
84-86	40	0,42	70	0,74	110	1,16
87-89	35	0,37	70	0,74	105	1,11
90-92	21	0,22	45	0,48	66	0,7
93-95	12	0,13	19	0,2	31	0,33
96-98	1	0,01	12	0,13	13	0,14
99-101	0	0	1	0,01	1	0,01
Totais	4770	50,35	4703	49,65	9473	100

IX. PROTOCOLO PARA “O bó trato á Infancia”

Durante o ano 2021 dende o Concello de Burela impulsouse o “Protocolo para o bo trato á Infancia”, que foi asinado por todos os servizos profesionais da localidade (educativos, sociais e de saúde) que fan unha intervención directa con menores, basicamente para promocionar o “Bo trato” e para a detección e notificación de sospeitas de trato inadecuado aos/ás nenas/os.

Protocolo para o bo trato á infancia do Concello de Burela.

Resultado do traballo conxunto de diferentes servizos sociais municipais, os centros educativos, centros de saúde e outros organismos que interveñen directamente cos nenos e nenas nos que detectamos que existen certas carencias nalgunhas familias en canto a como debe ser o trato aos menores para que estes teñan un desenvolvemento emocional, social e físico axeitado.

Unha rede de profesionais implicados e coordinados para fomentar o bo trato aos nenos e nenas dentro das familias.

1. PREVENCIÓN
2. DETECCIÓN
3. NOTIFICACIÓN
4. INTERVENCIÓN

Se necesitas axuda para educar ao menor ou menores que teñas ao teu cargo acude aos servizos sociais do teu concello.

Concello de Burela
Calle Eijo Garay, 20
27500 Burela
www.burela.org

Dpto. Servizos Sociais
Servizo de Educación Familiar
Teléfono: 982 586 000
Mail: educadorefamiliar@burela.org

CONCELLO DE BURELA
Concello de Burela

Visita as nosas redes sociais e a nosa páxina web para acceder ao ciclo de charlas formativas para fomentar o bo trato aos nosos nenos e nenas.

Todos podemos aprender!

AS TÚAS ACCIÓNS #DEIXANPEGADA
Concello de Burela

**COIDA
COMPRENDE
PROTEXE
COIDA
INFANCIA**

Que debemos saber

A partir da Convención sobre os dereitos da nena (1989) entendemos que os menores non son “obxectos de propiedade dos pais/familiares”, senón que son suxeitos cos dereitos que precisan protección das institucións e da sociedade en xeral.

Existe un compromiso para asegurar a coidada e protección dos menores de idade, adaptando as medidas necesarias para protexelos contra calquera forma de perxuro, abuso físico, sexual ou mental, descuido ou trato negligente, malos tratos ou explotación.

A normativa española ao respecto da protección á infancia fala dos seguintes aspectos:

- Posibilidade de que calquera persoa poida poñer en coñecemento da xustiza calquera feito que puidese constituir un delito contra un menor.
- Obrigación das autoridades públicas, nacionais e profesionais de comunidade, podendo inxerir, se non o fican, non delito de omisión.
- Existencia aos profesionais que habúan de forma habitual con nenas de non ter sido condenados por delitos contra a liberdade sexual, trata e explotación de menores.

Que facer

O parlamento Europeo e o Consello de Europa formulan aos Estados membros a Recomendación 2006/99 no que se destacan as seguintes actuacións:

1. Proporcionar afecto e apoio.
2. Dedicar tempo para interaccionar cos menores.
3. Comprender as características evolutivas e de comportamento dos menores nas diferentes etapas do desenvolvemento.
4. Comunicarse abertamente cos nenos e nenas, escoitar e respetar os seus puntos de vista e promover a súa participación na toma de decisións e nas dinámicas familiares.
5. Establecer límites e normas para orientar o axeitado comportamento dos menores e xerar expectativas de que cooperarán no seu cumprimento.
6. Reaccionar ante os comportamentos inaxeitados dos nenos e nenas, proporcionando consecuencias e explicacións coherentes e evitando os castigos violentos ou desproporcionados.

POR UN BO TRATO Á INFANCIA

AS TÚAS ACCIÓNS #DEIXANPEGADA

A partir deste protocolo naceu a idea de que o día 2 de outubro se conmemora nas escolas o Día Internacional da NON Violencia. Como acción nese primeiro ano, repartíronse contos polas aulas de infantil (*“Monstruo Azul”* de Olga de Dios), organizáronse contacontos para 3º e 4º de Primaria e unha xornada formativa de comunicación asertiva con alumnos de 1º de ESO.



X. LIÑAS DE TRABALLO

Partindo de toda a información recabada a través das reunións e contactos cos rapaces e rapazas do Grupo de Participación e das reunións entre persoal técnico da Mesa para a Conexión coa Infancia e Adolescencia, as principais liñas de actuación que se plantexan neste I Plan Local de Infancia e Adolescencia son as que se describen a continuación:

OBXECTIVOS XERAIS

- **Promover a coordinación interinstitucional para fomentar a participación infantil**

1. Coordinar e apoiar ao Grupo de Participación Adolescente.
2. Promover a coordinación e a colaboración entre o Concello, os centros educativos e servizos sociais e de saúde dependentes da administración estatal e autonómica e las entidades de iniciativa social. Establecer un sistema de información e comunicación que contribúa a lograr este obxectivo.

- **Garantir a participación infantil e adolescente**

1. Dinamizar el Grupo de Participación Adolescente (GPA) e promover a incorporación dun maior número de menores.
2. Promover estratexias que incentiven a participación de adolescentes nas reunións cos nenos e nenas, de forma que se conviryan en referentes de participación.
3. Dar a coñecer o funcionamento do Grupo de Participación Adolescente (GPA) entre as familias e as entidades sociais.
4. Incrementar as vistas de nenos e nenas ao Concello.

- **Promoción dos dereitos da infancia**

1. Desenvolver unha campaña anual no ámbito local para dar a coñecer os dereitos da infancia e súa repercusión.
2. Continuar co protocolo para “O bo trato á Infancia” e melloralo e actualizalo axeitadamente.
3. Manter a celebración do Día Internacional da NON Violencia (2 de Outubro)

- **Apoiar ás familias na crianza e educación dos seus fillos e fillas e en especial ás que se atopan en situacións de vulnerabilidade social:**

1. Tramitar prestacións, axudas e servizos dirixidas a familias con menores a cargo en situación de vulnerabilidade.
2. Realizar accións de prevención, intervención e seguimento de nenas e nenos en situación de risco de desatención, negligencia, absentismo escolar e maltrato así como derivacións dos ditos casos e coordinación cos Servizos de Protección á Infancia e outros servizos especializados.
3. Desenvolver actividades, en coordinación cos centros educativos, de promoción da saúde, de habilidades sociais e de comunicación, de prevención de violencia de xénero, de conductas aditivas, etc.
4. Fomentar a coordinación entre os diferentes servizos sociais municipais: Atención Primaria (Traballo Social e Educación Familiar), Centro de Información á Muller, Programa de Integración de persoas inmigrantes, Unidade de Atención Temperá, Unidade Asistencial de Drogodependencias así como con outras institucións e servizos de carácter social, educativo e de saúde.

Para poder levar a cabo este I Plan Local de Infancia e Adolescencia, no Concello de Burela intervírase desde as áreas de:

- **Concellería de Xustiza Social, mocidade, inmigración e cooperación, educación.**
- **Igualdade e Servizos Sociais**
- **Concellería de Obras e Benestar comunitario. Escolas Infantís.**
- **Concellería de cultura, comercio e cultura medioambiental e ecolóxica.**
- **Concellería de Economía e Facenda**
- **Concellería de Deportes e Sanidade.**

XI. INDICADORES

Obxectivo 1. Promover a coordinación e a participación cidadá			
ACTUACIÓNS	TEMPO	AXENTES IMPLICADOS	INDICADORES DE AVALIACION
1.1. Iniciar e realizar os trámites para a incorporación do Concello á rede de Cidades Amigas da Infancia de UNICEF e da coordinación interna do Plan Municipal da Infancia e a Adolescencia.	2022-2026	GRUPO COORDINADOR DEL PLAN	1. Datas da creación do grupo e das reunións
1.2. Crear e manter a Mesa de Coordinación Interna, estrutura municipal de carácter técnico-político para a coordinación das políticas de infancia.	2022-2026	GRUPO COORDINADOR DEL PLAN	1. Número de concellerías representadas 2. Número de reunións anuais do órgano de coordinación interna del PLIA 3. Mesa integrada por representantes das Concellerías citadas. 4. Número de participantes.
1.3. Crear e manter o Consello Local da Infancia e Adolescencia (CLIA) co obxectivo de facer o seguemento e colaborar na execución do Plan de Infancia e Adolescencia	2023-2026	Representantes das diferentes áreas do goberno municipal, dos grupos políticos con representación municipal, dos centros educativos, das ANPAS, de profesionais de entidades públicas e privadas que desenvolven no consello actividades relacionadas cos dereitos da infancia e a adolescencia e representantes do GPA.	1. Datas de creación do CLIA e das reunións. 2. Consello integrado polos axentes implicados citados. 3. Número de reunións anuais del CLIA co órgano de Coordinación Interna 4. Número de participantes. 5. Cumplimento das funcións e do regulamento do CLIA.
1.4. Creación e aprobación do Regulamento do Consello Local da Infancia e da Adolescencia (CLIA)	2023	Pleno da Corporación e pleno do CLIA.	1. Deseño da proposta de Regulamento do CLIA. 2. Aprobación polo Pleno da Corporación municipal. 3. Aprobación polo CLIA.
1.5. Crear e manter un espazo na páxina web do Concello de Burela (burela.org), para informar do Plan Municipal da Infancia e da Adolescencia de Burela e o seu desenvolvemento.	2023-2026	GRUPO COORDINADOR DO PLAN	1. Data de posta en marcha e identificación do espazo utilizado. 2. Actualizacións realizadas no espazo de forma anual.

Obxectivo 2. Garantir a participación infantil e adolescente			
ACTUACIÓNS	TEMPO	AXENTES IMPLICADOS	INDICADORES DE AVALIACION
2.1.- Crear O Grupo Municipal de Participación Infantil e Adolescente de Burela como unha estrutura de carácter permanente que propicie a consulta dos gobernantes municipais aos nenos, nenas e adolescentes do concello, en relación cos asuntos municipais que lles afecten e integrar esa estrutura no Consejo Municipal de Infancia.	2022	GRUPO COORDINADOR DEL PLAN	1. Data de creación do Grupo 2. Cuantificación e identificación dos seus membros 3. Especificar forma de ingreso no Grupo
2.2. Creación e aprobación do Regulamento do Grupo de Participación Adolescente (GPA).	2023	Representantes do GPA e pleno do CLIA.	1. Deseño da proposta de Regulamento do GPA. 2. Aprobación polo GPA. 3. Aprobación polo CLIA
2.3. Buscar fórmulas para facilitar a participación de persoas menores de idade non integradas no GPA de Burela para poder exercer o seu dereito a ser escoitadas en relación aos asuntos municipais que lles afecten.	2023-2026	GRUPO COORDINADOR DEL PLAN E DO GPA	1. Identificación e cuantificación das fórmulas utilizadas. 2. Número de persoas participantes. 3. Número de propostas ou consultas.
2.4. Promover a incorporación do Grupo de Participación Adolescente de Burela nos encontros que se celebran a nivel nacional e autonómico con grupos de outros municipios	2023-2026	GRUPO COORDINADOR DEL PLAN	1. Número de encontros nacionais e autonómicos nos que participa o Grupo 2. Número de nenos e nenas participantes.
2.5 Consultar a opinión dos nenos, nenas e adolescentes de Burela, a través do GPA, sobre a programación de actividades infantís que vaian a poñer en marcha os distintos departamentos municipais, antes da súa aprobación.	2023-2026	GRUPO COORDINADOR DEL PLAN	1. Número e identificación das consultas realizadas
2.6. Facilitar a incorporación de persoas menores de idade na organización e desenvolvemento das actividades comunitarias realizadas en Burela.	2023-2026	GRUPO COORDINADOR DEL PLAN E DO GPA	1. Número de actividades comunitarias en que colaboraron menores na organización. 2. Número de persoas participantes.

Obxectivo 3. Promoción dos dereitos da infancia
Promover un exercicio de dereitos autónomo e responsable por parte de nenas, nenos e adolescentes

ACTUACIÓNS	TEMPO	AXENTES IMPLICADOS	INDICADORES DE AVALIACION
3.1.- Incentivar a participación e colaboración dos nenos, nenas e adolescentes do Grupo de Participación Infantil e Adolescente de Burela na organización e desenvolvemento de actividades solidarias .	2023-2026	GRUPO COORDINADOR DO PLAN	1. Nº de actividades 2. Nº de entidades implicadas 3. Nº de participantes
3.2.- Trasladar ao Concello a información recollida polo Grupo de Participación Adolescente (GPA) sobre condicións de uso e conservación dos espazos, instalacións, elementos de xogo e mobiliario urbano para o seu mellor mantemento.	2023-2026	GRUPO COORDINADOR DO PLAN	1. Nº de comunicacións
3.3. - Elaborar con periodicidade anual un Programa Integral para dar a coñecer os dereitos da infancia e a súa repercusión.	2023-2026	GRUPO COORDINADOR DO PLAN	1. Nº de actividades 2. Nº de entidades implicadas 3. Nº de participantes
3.4. - Seguir e mellorar o protocolo para " O bo trato á Infancia".	2023-2026	GRUPO COORDINADOR DO PLAN	1. Nº de actividades
3.5.-Manter a celebración do Día Internacional da NON Violencia (2 de Outubro)	2023-2026	GRUPO COORDINADOR DO PLAN	1. Nº de actividades para fomentar a NON violencia

Objetivo 4. Apoiar ás familias na crianza e educación das súas fillas e fillos en especial ás que se atopan en situacións de vulnerabilidade social.

ACTUACIÓNS	TEMPO	AXENTES IMPLICADOS	INDICADORES DE AVALIACIÓN
<p>4.1 Tramitación de prestacións económicas de apoio ás familias con menores en situación de vulnerabilidade:</p> <p>-Axudas económicas de emerxencia social de carácter municipal</p>	2023-2026	SERVIZOS SOCIAIS MUNICIPAIS	<p>1. N.º familias beneficiarias das axudas.</p> <p>2. N.º menores de idade de esas familias</p> <p>3. Cuantía das axudas</p>
4.2 Posta en marcha de proxectos de conciliación (Ocioteca)	2023-2026	SERVIZOS SOCIAIS MUNICIPAIS E CULTURA MEDIOAMBIENTAL E ECOLÓXICA	1. N.º de familias e menores beneficiarios
4.3 Desenvolvemento de medidas preventivas de violencia machista e entre iguais en centros escolares	2023-2026	IGUALDADE E SERVIZOS SOCIAIS	1. N.º de menores que participan con respecto á poboación escolar
4.4 Dotar de alimentos infantís no reparto de alimentos básicos	2023-2026	SERVIZOS SOCIAIS MUNICIPAIS	1. N.º de menores beneficiarios
4.5 Especial atención aos menores con capacidades diferentes desde o ámbito local.	2023-2026	SERVIZOS SOCIAIS MUNICIPAIS	1. N.º menores beneficiados
4.6 Utilizar festas locais para incluír non só actividades interxeracionais (entroido, Festas de Burela) tamén a perspectiva de xénero e a no discriminación	2023-2026	ÁREA DE IGUALDADE E SERVIZOS SOCIAIS, DE COOPERACIÓN E INMIGRACIÓN	1. N.º de menores que participan con respecto á poboación xeral
4.7 Coordinar encontros entre os Servizos Sociais Municipais, os Centros Escolares e o Centro de Saúde de Burela para facilitar una intervención máis temperá e eficaz cos casos de desprotección infantil.	2023-2026	-SERVICIOS SOCIAIS -CENTROS ESCOLARES -CENTRO DE SALUD	<p>1. Datos dos encontros e identificación dos participantes</p> <p>2. N.º de reunións e contactos</p>
4.8 Desenvolver actividades, en coordinación cos centros de ensinanza secundaria e a Unidade Asistencial de Drogodependencias de Burela, para a prevención de consumo de drogas e outros hábitos perxudiciais dirixidas á adolescencia	2023-2026	-SERVICIOS SOCIAIS MUNICIPAIS -UAD (Unidade Asistencial de drogodependencias de Burela)	<p>1. Datos das actividades</p> <p>2. N.º de actividades e contactos</p>

XII. RECURSOS

Recursos humanos

- Municipais

Responsables políticos persoal técnico de todas as áreas e/ou Concellerías do Concello colaborarán no desenvolvemento do Plan Local de Infancia e Adolescencia.

- Nenas nenos e adolescentes de Burela representados fundamentalmente a través do Grupo de Participación.

- Persoal doutras Administracións.

- Movemento Asociativo.

- Voluntariado.

- Outras personas que se irán incorporando ao desenvolvemento do Plan en función das necesidades e da súa evolución.

Recursos materiais

Equipamentos dos diferentes Servicios Municipais, así como os que as que outras administracións, entidades e asociacións poidan ofrecer.

Recursos económicos

As accións incluídas neste Plan esixen a implicación de todas as Áreas Municipais, en consecuencia cada ano incluírase no orzamento de cada Área ou Concellería o gasto que se destine para o desenvolvemento deste Plan.

No último orzamento presentado, a partida destinada a infancia e familia ascende a un total de 170187,87 euros que se prevé se irá incrementando paulatinamente coa aplicación deste plan.

Ademais habilitouse unha partida orzamentaria para as sesións de dinamización do Grupo de Participación Infantil e Adolescente, así como outras actividades concretas deste Plan e que non se viñan facendo ata o momento. Esta partida tivo unha contía inicial de 2500 Euros e prevese que se vaia incrementando paulatinamente ao longo dos anos.

XII. EXECUCIÓN E SEGUIMIENTO DO PLAN

Corresponde ao Concello de Burela o impulso e a execución das accións incluídas neste plan, seguimento e avaliación, involucrando no seu desenvolvemento ás institucións públicas e privadas que traballen coa infancia e a adolescencia no noso ámbito territorial.

Ao Grupo Coordinador do Plan de infancia e adolescencia, integrado por responsables políticos e profesionais, correspóndelles promover a execución e desenvolver o axeitado seguimento das accións contidas neste Plan para comprobar que se están realizando de acordo co previsto e, no seu caso, tomar as medidas oportunas para corrixir os desfases que se vaian producindo.

Para o desenvolvemento das funcións encomendadas en relación con este Plan o Concello creou un órgano de coordinación interno que se encargará de coordinar a execución do mesmo. Está integrado por técnicos municipais a través da Mesa Técnica para a Conexión coa Infancia e a Adolescencia. Esta Mesa realizará unha avaliación continua do plan nas súas reunións e unha avaliación anual para comprobar a consecución de obxectivos tendo en conta os indicadores previamente citados; analizar os logros acadados e as medidas aplicadas así como aportar cambios, melloras ou modificacións ao Plan. Ademais, contarase na avaliación coa opinión e a visión dos nenos e das nenas a través do Grupo de Participación mediante a creación de foros de debate ou discusión e da aplicación de enquisas e cuestionarios sobre os avances do plan.

XIII. ORGANIGRAMA



XIV. PERIODICIDADE DO PLAN

Prevese unha duración inicial de 4 anos, do 2023 ao 2027, momento en que se revisará e actualizará o plan cos cambios e melloras que se crean oportunas en función dos indicadores de avaliación que se establezan.